

## ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**10 de novembro de 2023**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día dez de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señor@s deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D<sup>a</sup>. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- Bueno, moi bo día a todos e a todas. Vamos a dar comezo a esta sesión extraordinaria prevista para hoxe, día 10 ás 12 horas.



1.8077.- **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2024 (EXPTE. 2023066955 – 2023051181)**

Sr. Presidente.- O primeiro punto da orde do día. Aprobación inicial do orzamento da Deputación para o exercicio 2024. Ten a palabra o voceiro, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Bo día Presidente, compañeiros de goberno, compañeiros e compañeiras deputadas, persoal da Deputación, medios de comunicación, veciñas e veciños. Dixemos que este goberno ía a ter en vigor o 1 de xaneiro os orzamentos do ano 2024, aquí estamos para debatilos i aprobalos a 10 de novembro, cumprindo a nosa palabra. Dixemos que este goberno ía a estar ó carón dos concellos aumentando os investimentos e aquí estamos, co orzamento máis alto da historia da Deputación de Pontevedra, novamente cumprimos. E dixemos que este ía a ser un goberno municipalista, e aquí estamos, con un de cada tres euros destas contas dedicados ós concellos e cun programa Máis Provincia de récord; un apoio sen precedentes aos 61 concellos da provincia, outra vez queridos compañeiros cumprimos. Sen máis preámbulos procedo a presentarles as primeiras contas do novo goberno do Partido Popular que preside Luis López, que reflicten un municipalismo histórico, unha aposta clara polo turismo, o deporte e a cultura e moita sensibilidade co reto demográfico, a xuventude, a cooperación, o medio ambiente i a atención ós traballadores desta casa. Señorías, comprácenos presentarles o maior orzamento da historia da Deputación de Pontevedra, dotado con 189,2 millóns de euros, un 4,2% superior ao do 2023, 7,6 millóns de euros máis para a provincia. Pero se votamos a vista máis atrás temos que dicir que son 30 millóns de euros máis que no ano 19 e 35 millóns de euros máis que no 2016, primeiros anos dos mandatos do anterior goberno. A principal partida da que lles queremos falar é do Servizo de Cooperación, dotado con 66 millóns de euros, tan necesarios para o futuro dos municipios i dos concellos da provincia de Pontevedra; máis do 16% bruto ca o ano pasado, 9,3 millóns de euros máis para o Servizo de Cooperación que serán destinados ó Plan Máis Provincia, o maior plan de obras e servizos da historia da Deputación, 48,2 millóns de euros. Para o Plan Provincia Comunitaria, dotado con 2 millóns de euros en apoio directo ao tecido asociativo da provincia, no que se inclúe o Plan Máis Agua, para apoiar ás comunidades de usuarios de augas da nosa provincia, i convenios por importe de 7,5 millóns de euros para Vigo e Pontevedra, como mínimo, tamén coa reserva de crédito para a grada de



Balaídos. O segundo pilar deste orzamento é o Deporte, tan necesario para o desenvolvemento da provincia de Pontevedra, dotado con 5,5 millóns de euros, un 19% máis que o ano pasado, unha partida que crece case nun millón de euros, xa sen mencionar o Plan extraordinario de infraestruturas deportivas dotado con 4 millóns de euros porque vai fóra destes orzamentos pero que elevarían o total ós 10 millóns de euros. O Turismo, terceiro alicerce deste novo proxecto, que medra ata situarse nos 5,6 millóns de euros. E a Cultura, cuarto eixo sobre que pivota este novo goberno, sube un 20% ata alcanzar os 4,7 millóns de euros, unha cifra aínda maior se contamos o reservado para o Museo de Pontevedra que é de 10,3 millóns de euros, un 3,2% máis. Este goberno da Deputación crea ademais unha nova liña dotada con 1,2 millóns para a creación do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, un novo departamento que inclúe entre outras partidas 600.000 euros para a modernización, 230.000 euros para subvencións dirixidas á mocidade, 100.000 euros para organizar iniciativas para a xuventude, 40.000 mil euros dotados para premiar o talento da xente nova, e o crédito necesario para os campamentos de verán da Lanzada, que seguirán sendo unha referencia á hora de conciliar vida familiar e laboral. Reforzamos tamén o compromiso e as partidas orzamentarias da Finca de Mouriscade, dotando de crédito nunha porcentaxe de 6,4% máis chegando ata os 4,9 millóns de euros; para o Centro Príncipe Felipe un 4,4% máis situándose en 13,1 millóns de euros. Tamén para a Estación Fitopatolóxica do Areeiro, cunha subida do 15,8%; i para a Escola de Enfermería dedicando un 5,6% máis de recursos desta casa. E por suposto, contamos i melloramos as condicións do persoal da Deputación de Pontevedra, coa subida dun 3% na súa retribución, a recuperación do complemento especial de dedicación técnica para subir desde 975 ata 4.700 euros, ao ano, o seu salario i a creación de 26 novos postos de traballo. Señorías hai poucas semanas dende os grupos da oposición transmitían unha inquietude moi grande pola suposta inacción deste goberno, aquí nos teñen; o Plan Máis Provincia, 48,2 millóns de euros, uns orzamentos récord dotados de 189,2 millóns de euros, un Plan extraordinario de infraestruturas deportivas dotado con 4 millóns de euros, máis de 20 millóns de euros mobilizados na súa maioría para os concellos nestes poucos máis de 100 días; a modificación das bases do PON2030 para axudar e facilitar na financiación doutras administracións que conseguen os concellos i que xa se están a firmar; nova imaxe institucional actualizada moderna e integradora; reunión e contacto constante cos alcaldes e co tecido empresarial da provincia; e presenza constante na rúa do Presidente e de todo o seu equipo de goberno. Xa nos podemos imaxinar que vamos a ter unha réplica moi grande, non se preocupen que xa lles adianto o que van a dicir os



portavoces da oposición: volve o plan de acción caciquil, estamos nun momento de retroceso e de destrución e, por favor, non se olviden de falar de Louzán. Nós seguimos ao noso, a demostrar con feitos non con palabras, a facer máis provincia dende o municipalismo, ben entendido, con respecto institucional, independencia política e sobre todo con cooperación para todos e para todas. O novo goberno do Partido Popular na Deputación de Pontevedra vaise a caracterizar por recibir a todo o mundo, atender a todo o mundo e gobernar para todo o mundo. E este é un documento que o vai a demostrar. Moitas gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente, bo día a todos e a todas. Eu, houbo un momento que me sentín transportado ás, a algún parlamento, porque creo que un par de veces dirixiuse a todos nós como señorías, me parece que aquí exactamente non temos ese tratamento, pero vaia todo o que veña a maiores vén moi ben pero creo que non é precisamente o sitio para facelo, ¿non?. Ben, estamos ante uns, uns orzamentos sempre son, eu sempre fago a seguinte observación, son pre-supostos, son supostos previos, despois ó largo do ano pois vanse cambiando, pode ser que se executen ou non ou que se cambien, pero polo menos fixan uns supostos e creo que neste caso pois é moi interesante ver o que significan, ¿non?, o que está a pasar con eles. Teño que recoñecer que nos teñen moi, moi, moi despistados, tremendamente despistados, porque un escoita o que din ustedes, o que fan, e pensa que van por aquí, pero igual ó día seguinte van para alá, e ó seguinte van por acolá, e a cousa é estrañamente sorprendente, vamos de sorpresa en sorpresa, ¿non?. Incluso contradicíndose continuamente e dicindo ou facendo o contrario do que din, ou do que dixeron ou saber que van dicir ou non. Nun Pleno pasado o Sr. Cubela desautorizou abertamente, contradiceu abertamente ao Sr. Domínguez dicíndolle que a dirección do Museo, pois, era provisional e por acumulación e á parte había que convocala, cando o Sr. Domínguez aseverara que era, xa había unha dirección. Neste caso estamos ó revés, estamos ó revés, ¿non?. O Sr. Cubela resulta que aquí votou a favor de pasar o Convento de Santa Clara á Deputación tamén os deputados que estaban no mandato pasado, votaron todos a favor sen poñer ningunha obxección, e resulta que agora vén o Sr. Domínguez dicindo que foi que Santa Clara tal como se comprou é unha auténtica atrocidade. Ben, é unha cousa, é para ver, e obviamente creo que dunha maneira moi razonabel, pois o Grupo do PP, no mandato pasado, que á parte foi neste ano, ou sea, que non foi a principio, non



foi no 19, pois sospeitaba ou sabía que o terreo máis o que está edificado, os bens en Santa Clara, a taxación que había eran 12.630.000 mil euros, ou sea, catro veces máis polo que se comprou, evidentemente eran conscientes de que se estaba facendo unha operación magnífica para a administración pública, neste caso para o Concello que despois pasou á Deputación e que, vamos, a Deputación adquiría un ben bastante máis valioso do que se, vamos, do que se pagou por el. Ben, pero escoitamos aquí, por exemplo, creo que no Pleno de constitución, que resulta que Igualdade se lle iba a sumar Familia, co cal todos supuxemos que iba a aumentar o orzamento, si facía novas atribucións, bueno, pois, como todos, como se sabe, pois, recortáselle o orzamento, por exemplo, por exemplo, resulta que é o primeiro ano que van ós actos de Alexandre Bóveda, suponse que Memoria histórica, ¡home!, pasa a ser, que antes eran moi reticentes, por non dicir contrarios, pasa a ser pois certa prioridade, ¿non?, ou polo menos a seguir. Bueno, pois resulta que só o poñen, lle reducen un 66%. Francamente é difícil, é difícil de seguir a ...; bueno, por non falar do Ágora, ¿non?, que aquí hai alcaldes do PP que están integrados e que tiveron á parte actuacións alí e que á parte con moito orgullo e creo que fixeron ben, agora de repente pois o eliminan, é que, todo este ano, todo en meses, todo en días, ou sea, en cada movemento, francamente, sorprendente, ¿non?, absolutamente sorprendente e que leva ademais, pero corríxenlle a plana en dicir, bueno, é que eran programas que votou andar o, vamos, o goberno anterior, entonces cambian, no, no, no, tamén cambian as cousas que incluso, que sei eu, en residuos, o Sr. Louzán chegou a conclusión de que non se podía, non se podía repartir desde a Deputación sen poñer ningunha condición a cambio e forzar a que os concellos xestionaran ben, ou sea, premiar ós que o facían ben e demais, non, agora vólvese atrás, volvemos atrás como volvemos atrás, por exemplo, ¿non?, gobernando o PP, a presidencia do Sr. Louzán chegou á conclusión de que o Plan de Acción Comunitaria, plan de acción caciquil na práctica e na realidade, pois era máis fonte de problemas que de solucións e eliminouno, agora volvémoslo atrás, voltámolo dende atrás cuestións que o propio PP, ou sea, retrocedendo, ¿non?, por non falar da bienal ou doutra serie de cousas que anunciaron e que tamén van, tamén van no orzamento. É francamente sorprendente, ou sea, é difícil, é moi difícil, moi difícil seguiilos. Bueno, xa a xoia da coroa, de toda, de todo o orzamento é que en Infraestruturas, ou sea, unha competencia, que é das poucas que xustifica, xunto coa asistencia aos concellos, é a existencia das Deputacións, a rede viaria lle laminan 5 millóns de euros, nin máis nin menos, ou sea, 5 millóns de euros. Bueno, pois, si ter en bo estado e mellorar as estradas provincias non é unha prioridade do novo goberno non sei



cales van a ser as prioridades, iranas descubriendo cada 2 ou 3 días descubrirán unha nova e irannos, intentarán vender, pois, algunha, o que se lle ocurra, algunha cuestión, pero, francamente, vamos, o das infraestruturas é que clama o ceo, clama o ceo, ou sea, é unha, porque dicía que estamos nun orzamento que, vamos, absolutamente apretado, con moitos problemas, venden que van a facer o orzamento máis expansivo, máis grande da historia e na realidade pois unha das bases da Deputación pois elimínalas, ¿non?, que é, ou redúcenas moitísimas, que é o de Infraestruturas, vamos, que todo o mundo sabe que necesita unha atención constante e melloras constantes se queremos poñelo ó nivel do que, vamos, das demandas da sociedade actual. Á parte é moi sorprendente porque no mandato pasado pasábanse en case todos os plenos, sobre todo a primeira parte, pedindo unha moción para que se mellorara non sei que estrada, sempre había que mellorar algunha estrada e cambiala e gastar non sei canto nesa estrada, bueno, pois agora chegan os orzamentos e lle pegan un chapodazo que é difícil de entender e moi difícil de xustificar, porque ... Evidentemente, xa o señor, o portavoz do PP xa puxo antes a venda ca frida, sabe perfectamente que isto é un retroceso en cuestións moi sensíbeis que non teñen ningún, vamos, que non vai a contar co aval, dicímolos nós que votamos a favor da primeira, vamos, modificación de crédito, e que non teríamos ningún reparo en votarlle a favor ou absternos ou facilitar un orzamento se realmente tivera, vamos, unha base pois máis ou menos realista. Hai unha cuestión con respecto ás emendas, nós interpretamos que si pasa á comisión e non dan ningún prazo para presentar emendas todo con prazo de 3 días e demais, pois obviamente non queren que se presenten nin queren ningunha facilidade, bueno, pois entón pois non as presentamos, evidentemente, podíamos presentar cincuenta mil pero si a vontade súa é aprobalo, ¿non?, levantando a man numericamente porque teñen brazos para levantalo sen ter en conta para nada ningunha proposta da oposición pois obviamente, pois nada, alá ustedes, ¿non?, alá ustedes coa súa responsabilidade.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas gracias Sr. Mosquera. Ten a palabra agora D. Carlos López Font, o voceiro Socialista.

Sr. López Font.- Gracias Presidente, buenos días a todas y a todos. Sr. Cubela ¿si quiere le dejamos el turno de la oposición? Sigue usted como portavoz de la oposición, ya sabe lo que vamos a decir, si quiere no hablamos y habla usted solo. Dice muy valiente “aquí nos tienen” pues efectivamente que aquí les tenemos, lo que pasa es que la foto nos sale totalmente diferente a la que nos ha contado usted. Primero, debatimos unos presupuestos que son posibles por la senda de



consolidación presupuestaria del anterior gobierno. Hace 8 años, Sr. Cubela, la Diputación arrastraba 40 millones de euros de deuda, no era referencia de nada a diferencia de hoy y hemos retrocedido porque el año pasado el 31 de octubre ya se conocían las bases del Plan Concellos, hoy sobre el nuevo plan en adelante Plan menos provincia no conocemos las bases. A la luz de estos presupuestos adquiere gravedad la intervención del Presidente cuando hablaba de un informe que la situación económica era precaria e inestable, y nos contestan a la pregunta que hicimos aquí diciendo “que como era un documento interno que no nos lo facilitan”. Sr. Presidente, un castizo diría ¡que morro! para contar y para contestar así. Si la situación fuese así no se hubiera podido presentar este proyecto, es un presupuesto que crece gracias a la buena salud y sobre todo al legado de los 800 mil euros de la Escuela de Cantería, hay que recordar la batalla que ustedes nos dieron. Pero son los primeros presupuestos que se presentan con vergüenza, primero se presenta el nuevo logo, que tendremos tiempo de hablar, y luego se presenta el presupuesto. Sr. Presidente, cuando presente unos presupuestos por la importancia que tienen preséntelos con carácter exclusivo; y el logo habla de atención a los trabajadores, aquí se marginó a los trabajadores del Servicio de Comunicación y ya me gustaría conocer cuál es la factura de la empresa privada que hizo esa gran letra P a la que le falta otra P y una gaviota. Miren, estos presupuestos son de auténticos hachazos ideológicos, se cargan las señas de identidad que tenía esta Diputación, y claro que sí, claro que tenemos que mencionar a Louzán porque se han acordado ustedes de él y mucho y son unos presupuestos con olor a antiguos. Les voy a dar unas definiciones: es un presupuesto machista, el área de Igualdad queda reducida al nombre, no hay un tijeretazo hay un hachazo ideológico; es un presupuesto de chapapote, se cargan la recuperación de espacio público y la seguridad vial para volver al chapapote que tanto les encanta; es antisocial, se recortan medidas sociales de las que usted va a ser responsable de su gestión; es anti-municipalista porque las cuentas que ha dado sobre el global del nuevo plan son mentira, y luego se las matizo; y es rancio, claro que sí, porque se recupera la copa federación de fútbol y el plan de acción caciquil para dar 2 millones a los infiltrados que tienen ustedes en asociaciones y en comunidades de aguas y, claramente, es un presupuesto de derechas. Pero miren, desglosaba servicio por servicio, vamos allá: Igualdad, -me encanta hacerla sonreír Sra. Fernández-Tapias-, Igualdad, un 28% menos, es bueno decir que de 2,1 millones a 1,6, recortan dinero, programas y hasta personal y demuestran, aquí si, la tirria que le tiene al PP a la Igualdad, se fulmina un área que ha sido bandera, se recortan 318.000 euros para todos esos programas que estaban en la mente colectiva de la provincia (actos, mujer rural,



conectada, Escuela María Vinyals y demás), y tienen la desfachatez de eliminar nombres como lo de los premios Sofía Novoa; no le gustan ni las mujeres ni evidentemente lo que significan en cuanto a su trayectoria; un ejemplo es que el programa “Mulleres que opinan son peligrosas” lo dejan en las “Mujeres que opinan”. Infraestructuras, lo decía el Sr. Mosquera, ¿pero que nos quiere vender?, un 22% menos en una partida que pasa de 21,2 a 16,5, 5 millones de euros menos, una irresponsabilidad en seguridad vial, ¡claro!, el Presidente cuando presentó los presupuestos no habló de Infraestructuras, evidentemente, como iba a hablar, es un 87% menos, ¿nos quieren contestar a que una partida cómo la de convenios de obras de movilidad integral, que baja de 3 millones a 400 mil euros, se preocupan ustedes de los 1.700 quilómetros de carreteras provinciales que tenemos? Me imagino que están de broma. Bueno, matan la Red Ágora que, claro, suprimen la partida de congresos y asistencias a foros porque evidentemente con esta política no van a poder ir contando por ahí absolutamente nada. Hachazo en Memoria histórica y Patrimonio, les molesta la restauración del patrimonio y la eliminación de simbología franquista, ideología del PP a la vena, ninguna sorpresa. Cultura, bueno es muy simpático lo que usted ha dicho porque aquí más que hachazo lo que hay es más mentiras del Presidente al presentarlo dijo “que subía un 20%” y lo único que hay es el equivalente al ahorro de la Escuela de Cantería, que ya digo la matraca que nos dieron ustedes para traspasarla y lo insensible que era en ese momento la Xunta de Galicia; pero es que en Cultura desaparecen programas como “Música no Ar” y “Tornar ás Táboas”, única opción que tenían concellos pequeños de tener actuaciones musicales; nuevamente el PP renuncia a democratizar la Cultura. Cohesión Social, Sr. Cubela, ayudas de emergencia social de 356.000 euros a 15.000 euros, se cepillan ni más ni menos que el 95%, y habla usted de sensibilidad social, ¡ya le llega!; y en el tema social pasamos de las necesidades que tienen las pontevedresas y pontevedreses al ladrillo, eso sí, 180 mil euros para obras cuando nosotros no compartimos ese criterio y las inversiones las tenía que realizar la Xunta de Galicia. Simpatiquísimo lo de deportes, porque yo les sugiero que pasen a llamarlo fútbol y aquí sí que se acordaron de Louzán o Louzán les dijo lo que tenían que hacer, reaparece la Copa Federación de fútbol, por arte de magia, en una situación económica tan mala aparece la posibilidad de una subvención para que venga la selección de fútbol femenina y, por lo tanto los 2 grandes pilares de deportes son fútbol y fútbol, ¡eso sí!, la gran apuesta de la Vicepresidenta es comprar unas bolsas de viaje, me imagino que para lucir el nuevo logotipo. En Turismo absolutamente todo mentira, porque sólo hay un incremento del 1,7 después de haber musealizado Soutomaior, Sobroso y Palacete de Mendoza por





el anterior gobierno. Y Empleo, que tanto les preocupa, no sé cómo no lo dijo, recortan de 1,8 a 1,2 millones en el programa “A túa primeira experiencia laboral”, pues que sepan que este es el programa que realmente sirvió para que tuvieran un primer empleo, y ustedes lo reducen, a todo esto con este programa superamos la herencia que nos dejó Louzán sobre los becarios. Y nos toca finalmente hablar de usted, Sr. Cubela, ¿saben cómo le llaman al nuevo Servicio este de Juventud y Reto Demográfico? Le llaman servicio buñuelo porque dicen que está lleno de aire, porque está troceado de Cohesión Social, porque le tenían que dar, dado el papel que interpreta aquí, una carterita sin mucho trabajo y le han traspasado los convenios de teleasistencia, ¿no le da a usted vergüenza, como responsable, de teleasistencia venir aquí a defender unos presupuestos que bajan de 158 mil euros a 113 mil euros? ¿Y hablan de reto demográfico? Un señor o señora en A Golada ¿se va a mantener en A Golada sin teleasistencia porque ustedes lo recortan aquí?, bueno, es el colmo. Evidentemente, recuperan el plan de acción caciquil, 2 millones, y luego como quiera que el Sr. Cubela es protagonista de esto, mire que nos dió la matraca con la cantidad de publicidad y propaganda que nosotros gastábamos, y ahora resulta que ustedes incrementan esta partida, en vez de reducirlo, que parecía lo que decían durante 4 años, pero nosotros, aquí no sólo hay hachazo sino que lo mantienen. Ante este presupuesto presentamos enmiendas no los trabajos escolares que usted presentaba, Sr. Cubela, decimos de donde hay que sacar y decimos donde hay que incluir, y la otra enmienda es para que el Plan Concellos, o sea, el menos provincia, tenga su reequilibrio y no haya, luego hablaremos, un recorte de 7 millones para obras que son las que realmente necesitan los concellos. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra, 6 minutos, o voceiro, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Miren, hai dúas formas de vir a este Pleno para aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2024. Unha é sentándose na oposición despois de ser goberno e outra é sentándose como goberno despois de ser oposición e por iso o Sr. Font e o Sr. Mosquera, despois de ser vicepresidentes do anterior goberno, quedarse aquí como portavoces dos seus grupos na oposición ten moito mérito, e o digo sen ningún tipo de ironía, e así debe ser recoñecido e valorado, non é unha degradación como poida pensar algún. Pero eso, Sr. Mosquera i Sr. Font, vainos permitir a todos comparar ao seu goberno co noso, con moita máis empatía, téñano claro, non só é normal que veñan aquí a criticar os orzamentos é que ademais deben facelo, deben facelo



porque queremos que quede claro que estes orzamentos son distintos ós que facían vostedes, ós que elaboraban vostedes i ós que aprobaban vostedes. Porque estes orzamentos para o exercicio 2024, elaborados polo equipo do Partido Popular na Deputación, son os orzamentos da coherencia, o que pediamos na oposición o imos a trasladar á acción de goberno mediante este documento. Miren, empecemos polo Plan Máis Provincia dotado con 4,2 millóns de euros máis que o último Plan Concellos que aprobaron vostedes. Fíxense, para pedir ata están mal, unha rolda de prensa, como moitas das que fan, só nos pedían que subiramos o Plan Concellos un 3%, pois miren o que pediamos na oposición e o que imos a executar agora por enriba das súas esixencias é chegar e superar o 9,5 %, señores do Psoe e do Bloque, aumentou máis en 100 días o goberno de Luis López o Plan Concellos, agora Plan Máis Provincia, que vostedes en 8 anos. Falan de caciquismo, neocaciquismo, miren, é importante a opinión dos grupos da oposición i co máximo respecto os debemos tratar. Pero voulles a dicir o que opinan os alcaldes da provincia de Pontevedra tras a presentación i o anuncio da cifra e da flexibilización das liñas, que tanto pedían os concellos i os grupos de goberno nos concellos, a esta presentación; “en principio pola nosa parte ten boa acollida”, Alcalde de Ponte Caldelas; “a valoración en principio é positiva”, Alcalde de Barro; non lle leo todas as demais porque son parecidas. Miren, os presupostos deste goberno, a presentación en prazo ten que ser comparada cos primeiros de vostedes, i aí tamén lles gañamos, vostedes trouxeron o primeiro documento, aprobación inicial para o 2017, perdón para o 2016 o 27 de novembro, nós o 10 de novembro. As solicitudes que vostedes poderían facer de colaboración imaxino que serían distintas ás que nós fixemos durante 8 anos na oposición i que nunca se admitiu ningunha, vostedes nos daban o prazo legal e nós damos o mesmo prazo legal que vostedes daban cando gobernaban, polo tanto non poden compararse con nadie. ¿Si queren falamos de investimentos en infraestruturas? Os moitos que vai haber, e que por suposto que tamén imos a suplementar este orzamento, pero é que nós temos un único presuposto, porque temos un único proxecto, nós non somos dous partidos gobernando en coalición i que polo tanto hai que nombrarlle distintos nomes ós plans para que todo o mundo saiba que o Bloque nos seus departamentos tiña uns plans i o PSOE ten outros. O Partido Popular vai ter para os Concellos o Plan Máis Provincia, con moita máis dotación, coa incorporación dunha nova liña que financie proxectos de urbanización, i cumprimentando os principios da Axenda 2030 para os espazos comúns e públicos. Miren, non nos gustou, témosllo que dicir, que nos intentase cunha verborrea un pouco difícil de practicar, que nos acusara case de falanxistas. Miren, vostedes que van a traer a Napoleón de Waterloo, o único que



lles temos que dicir é que esa liña coa que financiaban o arreglo de fontes e lavadoiros para retirar esas frechas e xustificar que facían algo coa memoria histórica, moitos concellos non as podían xustificar polo prazo e a falta de permisos i, polo tanto, nós agora van a poder facer todo co Plan Máis Provincia. Ademais anunciámoslles que imos a presentar dentro de moi pouco un gran acto de memoria histórica organizado pola Deputación de Pontevedra. Vamos a Igualdade, miren a Igualdade é un tema moi serio, é un tema no que temos que estar unidos i non buscar a confrontación i o sectarismo cada vez que poden. Vostedes con todo o que caeu neste país critican que a Deputación colabore para que veña a selección de fútbol feminino á provincia de Pontevedra ¡si!, criticaron o nomeamento da nova Directora do Museo, a primeira muller Directora do Museo da provincia de Pontevedra, señores é un asunto moi serio do que debemos tratar con seriedade, i ademais e xa falaremos noutro punto de replica de todo o que dixeron dos plans que non eran capaces de executar.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Ben, eu os debates sobre orzamentos sempre se poden converter, e aí felicito ó Sr. Cubela, nunha ensalada de datos mesturados e falsos partes deles que ó final, pois quero que escoite pois resulta que está medio mareado, mesturando o que vén o que vai vir, o que non vén, o que digo ou o que non digo. Ben, para ver o rigor, o rigor da exposición do Sr. Cubela, só vou a dar un dato, dixó na primeira intervención que aumentaban os investimentos desta Deputación, si, díxoo textualmente, ben vamos ó informe de Intervención, vamos ós orzamentos, vamos á documentación oficial e resulta que: investimentos reais pasa de 17 millóns a 13, baixa 4 millóns e a afirmación do Sr. Cubela é que sobe, bueno, claro quen o escoite senón sabe de que vai pois igual lle cre, pero, ¡home!, é dun calibre reservado; e tamén, tamén nos di que os investimentos a concellos tamén soben, tamén soben, bueno, pois investimentos a concellos pasan de 41 millóns a 37, 4 millóns menos, bueno, si baixando 4 millóns soben o resto de toda a argumentación, Sr. Cubela, comprenderá que é máis ou menos do mesmo calibre, porque si sobre un dato concreto, oficial, que non ten discusión, di unha dese calibre, comprenderá que o resto xa mellor non o describimos porque tal. Bueno, con respecto a, xa que meteu o asunto, con respecto á Directora do Museo, a ver o Director do Museo real é Rafael Domínguez, está claro, o que aparece nas fotos, o que opina, o que non sei que e demais, á parte que si o recollen ou non sei que, á parte que ten decidido que non vai a facer nada neste mandato en Santa



Clara, aínda que lle está chovendo se vai, vamos a ter un problema serio coa capela, ¿non?, eso creo que está, para calquera que observe o que está pasando pois non hai moita dúbida ¿non?, pobre funcionario ou laboral que cumpre, que aparentemente cumpre as funcións de Directora, que papelón se lle obriga, se lle obriga a xogar, ¿non?, se lle obriga. Pero, eu repito, Sr. Cubela, contradicíndose ou o que sea, usted votou a favor sin poñer ningún, ningún obstáculo a que tal como estaba Santa Clara na escritura, bueno nos papeles no documento estaba clarísimamente o que había que pagar, o que non había, que estaba en depósito o que fora, estaba todo, estaba todo, e usté, ustedes votaron a favor, creo que con moi bo criterio, porque Santa Clara é a xoia da coroa, vamos do patrimonio do urbanismo pontevedrés, e repito, non sei si lle teño que dicir outra vez a cifra, dígoo porque o Sr. Domínguez non se lera o expediente no seu momento e agora descubreu que aparecían 5 cousas que están aí en depósito, descubreuno agora, bueno, pois está ben, está ben, xa o tiña que saber no Concello de Pontevedra pero non o sabía, descubreu que hai que pagarlle si se quedan aí, que eso e das monxas e demais, está ben. Pero quitando os tal, 12.631.769 euros cando o concello o comprou por 3,2 millóns. Ben, pudemos, pudo o Concello e a Deputación despois non recibilo porque faltaba non sei que que era das monxas e o levaron, pudo facelo, é unha maneira de xestionar, é unha maneira, é unha maneira de xestionar, que como, Sr. Presidente, como o Sr. Domínguez xestione así vaino a matar a disgustos, ¡eh!, vaino a matar a disgustos; porque si está mal comprar algo que vale, a taxación oficial de expropiación, ¡eh!, vale 12 millóns e se se compra pola cuarta parte é unha desgracia, enganhamos con outras cousas que son propiedade das monxas, polo tanto, quen vende vende o que vende, se non vende outra cousa non a vende, e deixa co cu ó aire a Patrimonio da Xunta que foi quen autorizou que se fora, non foi o Concello de Pontevedra que non ten potestade para eso nin esta Deputación. Francamente collan unha línea clara, que parece que os orzamentos xa a definen, moi regresiva, digo como oposición saber por onde van, porque é difícil sabelo, a verdá é que é francamente difícil sabelo, aumenta o investimento, pero resulta que na práctica non o aumentan, o sea, é difícil, é difícil de saber. E tanta explicación do Plan Máis Provincia, Sr. Cubela, é que, está dicindo que hai unha serie de plans, como crean outros novos, pero hai unha serie de plans que tiñan cartos que os meten non plan ese, que ían a concellos, que o meten nese plan que chaman Máis Provincia, bueno, entonces non o subiron, simplemente integraron outro, é que canto máis explique máis o complica. Grazas, vamos a votar en contra.

Sr. Presidente.- Ben, grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra D. Carlos López Font.



Sr. López Font.- Usted sí que tiene mérito Sr. Cubela. Mire, no vamos a traspasar límites, no le consiento que diga que nos hemos opuesto al nombramiento de una Directora en el Museo por ser mujer, no se lo consiento, con lo cuál tenga muy claros los límites de sus intervenciones. ¿Pero de que coherencia me habla, Sr. Cubela? Si ustedes cuando nosotros llegamos al gobierno en el 2015, ustedes pidieron 60 millones de euros para el Plan Concellos, hicieron una concentración en la que estaba el actual Presidente hoy, hicieron una moción, hicieron una rueda de prensa, hicieron una enmienda al presupuesto y ahora ¿Dónde están los 60 millones y en donde está su coherencia? Mire, lo que más nos preocupa es el carácter antimunicipalista de estos presupuestos, y al Presidente no le preocupan los concellos, le preocupan los concellos del Partido Popular, porque tuvimos que traerlo a regañadientes aquí a una reunión con todos los alcaldes y menciona que hay alcaldes que dicen que el presupuesto es bueno, que es no sé qué, no sé lo que han dicho, pero si no lo conocen, pero si no conoce ningún alcalde ni alcaldesa cuales van a ser las normas, si a lo mejor alguna persona de la que usted me cita aquí se lleva un golpazo tremendo porque donde tenía tres va a tener uno y medio, pero ¿dónde está la coherencia, Sr. Cubela? Miren, del Plan menos provincia pues del Plan menos provincia lo que conocen los alcaldes y alcaldesas son 4 hojitas de Word, que prácticamente es una cuestión que podría haber hecho un alumno de informática, porque ahí no les dio tiempo a contratar a una empresa externa para que les hiciera esta cuestión. Mire, la realidad es que el Plan Concellos tenía 3 líneas definidas, 3 líneas, y ustedes lo que hacen es; en la línea 1 de obras, la línea 1 de obras, que ha sido excelente para los concellos, bajan de 3,5 a 23,5, 7 millones, ¿Dónde meten los 7 millones, Sr. Cubela, que no lo dijo aquí? En darle gasto corriente a aquellos concellos del Partido Popular que están empufados hasta las cejas, ahí es donde los meten ustedes, y pongo 2 ejemplos, Vilanova y Valga. En la línea de empleo hacen un incremento pero lo han retirado, como decía anteriormente del plan, y claro como ustedes tienen que poner una guinda no vaya a ser que se parezcan mucho a nosotros se inventan una línea 4 que es absolutamente mentira, si ya existía esa línea 4 y ya tenían acceso los concellos en el plan. Por lo tanto, menos dinero para obras, más dinero para tapar pufos, y este es el objetivo principal de este presupuesto. Mire, los concellos están en un momento absolutamente clave, muchos de ellos elevando la presión fiscal, todo esto motivado porque lleva la Xunta de Galicia 14 años sin incrementar la financiación reglada a los concellos ¿Por qué no se levantan los alcaldes y alcaldesas del Partido Popular contra una situación en la que les dan el mismo dinero que hace 14 años para pagar las facturas de hoy? Les



veo muy callados en relación con esto, y los ejemplos, Sr. Cubela, están en esta sala. Empezamos por usted: el Alcalde de Cerdedo-Cotobade acaba de aprobar el mayor incremento fiscal de la historia de su concello, eso si me cuentan que se le ha ocurrido a usted una genial genialidad y les ha dicho a sus vecinos que es una armonización fiscal, ¡hombre, Sr. Cubela, armonización fiscal, que miro el diccionario de la RAE, lo que dice es “proporción y correspondencia”, cuando es el mayor incremento de proporción y de correspondencia no tiene absolutamente nada. Pero bueno, para engañar a los vecinos de Cerdedo-Cotobade es posible que valga. Otro ejemplo en la sala que mencioné el otro día es el Alcalde de la Estrada, que hay que reconocerle que dio con la definición al decir que la Xunta le hacía a los concellos regalos envenenados, no dijo que venía de la Xunta pero todos lo sabemos. Por lo tanto, así estamos y así se entiende que se reduzcan 7 millones de obras para inyectarlo en gasto corriente. Mire, ¿sabe cuál es la realidad entre el Plan Concellos, todavía hoy vigente, y el nuevo Plan de ustedes? Que ustedes reducen un 21,1%, porque sólo tienen el Plan menos provincia; y fíjese le voy añadir los 4 millones del tema de deportes, pero es que el anterior gobierno dejó Plan Concellos, Plan 2030 y dejó 2 millones para el tema de las inundaciones, por lo tanto, el resumen es que tiene el 21% menos. Y terminamos con Vigo y Pontevedra, 8 años escuchando aquí que el gobierno anterior era el del BNG de Pontevedra y el del PSOE de Vigo, todos ustedes estaban en contra de los convenios y ahora resulta que aquellos alcaldes que estaban en contra de los convenios no dicen absolutamente nada. Se reduce 1 millón pero lo importante no es eso, lo importante es que antes eran los alcaldes los que decidían donde tenían que ir esos 8,5 millones y ahora son los que están a su izquierda y a su derecha, aquí Vicepresidentes, pero en su concello cada uno portavoz de la oposición, y si ustedes le niegan a cada uno de los alcaldes la potestad de decidir dónde van los convenios, Sr. Cubela, dígalo aquí porque parecería mentira que lo dijera un alcalde. Gracias.

Sr. Presidente.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Gracias Presidente. Para rematar non queremos esquecer darlle o agradecemento a todo o persoal do Servizo de Intervención e de Orzamentos pola elaboración deste documento e a súa capacidade técnica para telo en prazo e forma, felicidades de parte de todo o equipo de goberno. Mire, Sr. Font, a verdade é que foi escoller 2 concellos como exemplo, A Estrada e Cerdedo-Cotobade, onde o Partido Socialista ten unha representación altísima, perfil mellor os exemplos que escolle porque ó mellor vostede non está de



acordo coa xestión dos seus alcaldes pero os veciños estana i moito. Miren, unha das cousas polas que estamos sorprendidos é pola capacidade de análise que acaban de facer ao documento; eu esperaba, a verdade é que os meus compañeiros i eu esperabamos unha análise máis crítica, máis pormenorizada, con capacidade de poder plantexar outro tipo de cuestións, i ¡home!, vostede me falaba como documento de escola as emendas que presentaba o Grupo Provincial Popular na oposición, pero non sei como pretende que resumamos i definamos 4 líneas en 3 folios que cambian nun párrafo, pois os felicitamos si querían xustificarse en que algo iban a presentar. Miren, ningún concello sube os impostos porque quere, ¿sabe quen é o concello da provincia de Pontevedra que máis alto ten a porcentaxe de IBI? O seu, onde gobernan vostedes, os Socialistas de Vigo. Si quere criticar unha subida na taxa de lixo en Cerdedo-Cotobade de 40 a 49 euros, sendo máis baixa que Forcarei e Ponte Caldelas, onde goberna o seu partido, pois entramos noutro tipo de debates. Pero imos a ir a un debate serio, a un resumen do que son estas contas, i estas contas son mellores que as que vostedes pedían porque imos aportar aos concellos a través do Plan Máis Provincia, porque era o que sempre solicitabamos i vostedes nunca o quixeron subir, máis recursos a través do Plan de Cooperación da Deputación, que a partir deste ano se vai a chamar Plan Máis Provincia, porque define os principios que queremos levar á nosa acción de goberno, facer máis provincia cos concellos, facer máis provincia coa autonomía municipal i facer máis provincia con todas as iniciativas que nos plantexen os grupos de goberno, as corporacións municipais, e os alcaldes e alcaldesas indistintamente da cor política onde gobernen. Miren, a verdade que teño que puntuar a miña previsión sobre os seus discursos cun 7, dixen que iban a falar do plan de acción caciquil, dixen que iban, por suposto, a falar de Louzán, que non se olvidaran, i esquecinme de dicir, que seguramente iban a dicir, que estabamos gobernados por Santiago. Miren, un sete e medio Presidente, a verdade é que coa súa previsibilidade pois é fácil rebatirilles; agora ben, nós vamos a pasar 4 anos gobernando dun xeito distinto ó que gobernaron vostedes, nós non vamos a recibir aos alcaldes e ás alcaldesas en función da súa cor política, ¡sií!, por aquí van a pasar e a ser recibidos todas as propostas que os alcaldes queiran plantexar. Nós imos a manter a financiación ás cidades, imos a traballar polos equipamentos e os bens de titularidade provincial que vostedes tiñan abandonados en estado ruinoso, como os centros de traballo da Estación Fitopatolóxica do Areiro, imos apostar por Mouriscade, imos apostar polos campamentos de verán da Lanzada e imos apostar por Príncipe Felipe, que vostedes abandonaron durante a pandemia, e isto todo está reflectido no Orzamento de 2024. Máis nada Presidente.



Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Vamos a proceder entón á votación, as emendas, si, perdón, que o Partido Socialista presentou 3 emendas e vamos a proceder á votación de xeito individualizado ¿Votos a favor da aceptación das emendas presentadas polo Grupo Socialista, da primeira delas, que é a que ten que ver cunha transferencia da partida de comunidades veciñais e investimentos do plan acción máis a correspondente copa de fútbol Deputación, pasala para, bueno, ¿sí, si? vale, entón xa sen tampouco enuncialas, damos por feito que somos todos coñecedores das mesmas, ¿vale?. Entón, ¿votos a favor da aceptación das emendas? ¿Votos en contra? Quedan rexeitadas por maioría. Vamos entón a proceder á votación do Orzamento da Deputación para o exercicio 2024 ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿En contra? Queda aprobado por maioría de 14 votos.

O Presidente da Deputación en cumprimento do disposto no artigo 168-1-a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18-1-a) do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, elaborou o Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2024, no que figura unha memoria asinada con data 31 de outubro de 2023 onde se explica o contido e as principais modificacións do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2024 en relación co de 2023.

Unha vez ditaminado favorablemente o Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2024 pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, e co obxecto de atender as diversas obrigas de competencia provincial e dado que o mesmo se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias relativas ó mesmo, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, a aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2024 que está integrado por:

-O Orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 189.283.429,00 euros.

-O Orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 630.617,00 euros.





-O Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, por importe de 3.992.300,00 euros.

- O Orzamento do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.188.738,00 euros.

-O Orzamento Xeral Consolidado, por importe de:

- En ingresos	193.157.062,00 euros
- En gastos	193.157.062,00 euros

-Apróbanse as bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-Apróbase o organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-Apróbanse os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-Apróbase o Anexo de investimentos para o exercicio 2024.

-Apróbase o plan (marco) orzamentario a medio prazo 2023-2025.

-Apróbase os resúmenes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son os seguintes:



## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	52.177.964,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	41.005.328,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	150.003,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	41.717.245,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000.000,00 €
Total Operacións correntes	136.050.540,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	13.066.789,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	39.893.700,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00 €
Total Operacións de Capital	53.232.889,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>189.283.429,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	16.492.234,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.651.024,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.437.404,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	141.964.563,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	2.615.304,00 €
Total Operacións correntes	188.160.529,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	850.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.400,00 €
Total Operacións de Capital	1.122.900,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>189.283.429,00 €</b>

## ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	568.117,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	100,00 €
Total Operacións correntes	629.617,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	



Capítulo 6.- Inversións reais	1.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.000,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>630.617,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	504.615,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	2,00 €
Total Operacións correntes	629.617,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.000,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>630.617,00 €</b>

## ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	3.175.938,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	778.302,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	5.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
Total Operacións correntes	3.962.240,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais	30.060,00 €
Total Operacións de Capital	30.060,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>3.992.300,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.065.200,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.927.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	100,00 €
Total Operacións correntes	3.992.300,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>3.992.300,00 €</b>

## ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E



## TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	1.013.121,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	175.116,73 €
Total Operacións correntes	1.188.238,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	500,00 €
Total Operacións de Capital	500,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>1.188.738,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	249.424,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	939.314,00 €
Total Operacións correntes	1.188.738,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>1.188.738,00 €</b>

## ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	56.935.140,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	42.020.146,73 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	150.103,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	39.785.223,00 €
Capítulo 5.- Fondo de contingencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
Total Operacións correntes	139.893.613,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	13.098.349,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	39.892.700,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00 €
Total Operacións de Capital	53.263.449,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>193.157.062,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
--------------------	--



Capítulo 1.- Impostos directos	16.492.234,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.651.024,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.877.028,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	143.398.470,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	2.615.406,00 €
Total Operacións correntes	192.034.162,00 €
<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	850.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.400,00 €
Total Operacións de Capital	1.122.900,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>193.157.062,00 €</b>

Este expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2024, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularen reclamacións contra o mesmo.

2.8078.- **SOLICITUDE DUN FUNCIONARIO ADSCRITO AO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA COMPATIBILIZAR O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABALLO CO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DOCENTES NA UNIVERSIDADE DE VIGO (EXPTES. 2023066988 – 2023063380)**

Sr. Presidente.- Pasamos ó segundo punto da orde do día que é a solicitude dun funcionario adscrito ó Príncipe Felipe para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo. Non sei si algún voceiro quere, bueno, procedemos entón directamente á



votación deste segundo punto da orde do día ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade. Ben, damos por finalizada, entón, esta sesión, quedando emprazada para, senón hai novidade, para o último venres deste mes. Moitas gracias.

Visto o informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación que textualmente di:

#### “ANTECEDENTES

1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro xeral da Deputación Provincial o 6 de outubro de 2023, Don Fernando José Benasach Torres, con DNI nº \*\*\*2828\*\*, funcionario de carreira co posto de traballo de Psicólogo, grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe, solicita que se lle conceda autorización para compatibilizar o desempeño do seu posto cunha segunda actividade no sector público, como profesor asociado T3-P4 a tempo parcial no departamento de psicoloxía evolutiva e da educación, na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo.

2º.- Xunto coa solicitude achega un escrito do Secretario da citada Facultade, no que se informa da xornada e horario de traballo, que non afecta ó establecido no Centro Príncipe Felipe salvo os xoves. Non obstante, consta que o interesado solicitou polo portal do empregado o desfrute de vacacións e asuntos propios de todos os xoves que faltan ata finalizar o ano 2023, a fin de evitar a coincidencia horaria de ambas actividades. Así mesmo, achega escrito no que acredita como retribución bruta mensual neste posto a cantidade de 612,57 €.

Posteriormente, presenta informe favorable da Vicerreitora de profesorado e ordenación académica, por delegación do Reitor da Universidade de Vigo.

3º.- O posto de traballo que desempeña na Deputación de Pontevedra como Psicólogo ten establecida unha retribución bruta anual de 40.286,90 €.

4º.- A cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supera a remuneración prevista nos Orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral (60.794,20 €), nin supera a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente (79.032,46 €), tal e como esixe o artigo 7 da Lei 53/84.



5º.- Solicitado informe á dirección do Centro Príncipe Felipe pola coincidencia horaria dos xoves, manifesta que vanse a validar todos os días correspondentes ó ano 2023 e segundo cuadrimestre do ano 2024, co desfrute de vacacións e asuntos propios, debéndose organizar a actividade docente do segundo ano fóra dese horario, polo que informa favorablemente a compatibilidade de acordo coa actual planificación do servizo, xa que non se produce unha alteración da xornada.

## CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos, Empresas dependentes.

3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se atribúe ó Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.

4º.- O artigo 4 da Lei 53/84 e 3 do RD 598/85 sinala que poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e cunha duración determinada.

5º.- Á súa vez, o artigo 7 da Lei 53/84 contempla como requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas, que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Presupostos xerais do Estado para o cargo de Director xeral, nin supere a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.



A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo.

Neste senso o RD 598/85 dispón no seu artigo 4 que nos supostos en que sexa posible a autorización de compatibilidade de actividades públicas, esta entenderase condicionada á aplicación das limitacións retributivas previstas no artigo sétimo da Lei 53/1984.

6º.- Os servizos prestados no segundo posto ou actividades non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.

7º.- As solicitudes de autorización de compatibilidade dun segundo posto no sector público, que formule o persoal sometido ó ámbito de aplicación deste Real Decreto, serán resoltas no prazo de tres meses a contar desde a data de presentación da solicitude. Este prazo poderá prorrogarse, mediante resolución motivada, por un período de tempo non superior a un mes (Artigo 5 do RD 598/85).

8º.- Ademais, tal e como sinala o artigo 6 do RD 598/85 toda autorización de compatibilidade require informe favorable da autoridade correspondente ó segundo posto. Se se trata de compatibilizar postos no ámbito de Administracións Públicas diferentes, o informe deberá ser emitido, segundo os casos: polo Ministerio da Presidencia, oído, segundo proceda, a Subsecretaría do Departamento correspondente, o Delegado do Goberno, o Gobernador civil ou reitor da Universidade; polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou polo Pleno da Corporación Local.

9º.- Por último, e ó abeiro do previsto na disposición final terceira do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ó persoal funcionario, ó persoal eventual e ó persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade, ó retribuído por arancel e ó persoal directivo,





incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección, circunstancia que non concorre na solicitude presentada polo interesado.

## CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente propónse conceder a Don Fernando José Benasach Torres a compatibilidade solicitada para o desempeño do posto de traballo de Profesor asociado T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, durante o primeiro cuadrimestre do presente curso académico.”

Considerando o exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

Conceder autorización ó funcionario de carreira, Don Fernando José Benasach Torres para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como Psicólogo do grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector público como Profesor asociado T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2023/2024.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as doce horas e cincuenta e oito minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

